

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15021470	IES Canido	Ferrol	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación secundaria obrigatoria	Proxecto competencial	1º ESO	1	35

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	5
4.1. Concrecións metodolóxicas	12
4.2. Materiais e recursos didácticos	13
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	13
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	13
5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes	15
6. Medidas de atención á diversidade	15
7.1. Concreción dos elementos transversais	16
7.2. Actividades complementarias	17
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	17
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	18
9. Outros apartados	18

1. Introducción

A materia de Proxecto Competencial diríxese ao desenvolvemento das competencias transversais a través da realización de proxectos significativos para o alumnado e da resolución colaborativa de problemas, reforzando a autoestima, a autonomía, a reflexión e a responsabilidade.

Este ano o noso proxecto versará sobre o medioambiente, a súa situación actual, cómo tanto os procesos de produción de novos produtos e materiais como o seu posterior proceso de reciclaxe contribúen a danalo e qué medidas podemos tomar para intentar melloralo. Deste xeito esta nova materia cobra sentido no contexto do proxecto Erasmus+ "Upcycling Lives" que se está a desenvolver actualmente no IES Canido e que versa sobre estas cuestións, contribuíndo a acadar un dos obxectivos prantexados nel, a inclusión dunha nova materia que trate temas deste ámbito.

Nese sentido, as competencias son aquelas que as persoas precisan para o seu desenvolvemento persoal, para resolver situacións e problemas en distintos ámbitos da vida, para crear novas oportunidades de mellora, así como para desenvolver a súa socialización, lograr a continuidade do seu itinerario formativo, e inserirse e participar activamente na sociedade na que vivirán e no coidado da contorna natural e do planeta. Estas competencias desenvólvense cunha perspectiva de aprendizaxe permanente.

As competencias poden aplicarse en contextos moi distintos e en diversas combinacións, nas que se solapan e entrelazan, xa que determinados aspectos esenciais nun ámbito apoian a competencia noutra. Entre estas competencias intégranse capacidades como o pensamento crítico, a resolución de problemas, o traballo en equipo, as capacidades de comunicación e negociación, as capacidades analíticas, a creatividade e as capacidades interculturais. No marco do noso proxecto imos traballar claramente moitos destes aspectos.

Deste xeito, a materia de Proxecto Competencial configurárase como un traballo monográfico e o mesmo tempo como un proxecto interdisciplinario (ciencias, tecnoloxía, plástica...) e as actividades que se propoñan reforzarán os aspectos máis transversais do currículo, favorecendo a interdisciplinidade e a conexión entre os diferentes saberes.

Para facilitar a concreción curricular desta materia establécense tres bloques. No primeiro bloque, o propósito é que cada alumna e cada alumno adquieran as competencias necesarias para prever un plan de traballo de cara á realización de proxectos ou a resolución de problemas.

No segundo bloque, unha vez previsto o noso plan de traballo, o alumnado mobilizará conxuntamente as competencias transversais e os seus coñecementos para, segundo as pautas establecidas, resolver os problemas ou executar os proxectos planificados. Desta maneira, a través da realización de proxectos significativos e da resolución colaborativa de problemas, oriéntase o alumnado para comprender a realidade social, resolver conflitos de forma reflexiva, dialogar para mellorar, respectar os valores universais, crear un sistema de valores propios e participar activamente na vida cívica de forma pacífica e democrática.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Diseñar un plan de traballo para a realización dun proxecto ou a resolución dun problema a través da definición de obxectivos e das accións para acadalos, tendo en conta as necesidades da contorna.	1			1	1-5	3	1-2-3	
OBX2 - Desenvolver o proxecto segundo a planificación prevista mobilizando conxuntamente as competencias transversais que se requiran.	1-3		5	3	1-3	2	3	

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX3 - Presentar os resultados asociados ao proxecto competencial empregando dun xeito respectuoso estratexias e ferramentas de comunicación adecuadas cunha linguaxe verbal e corporal positiva, control das emocións negativas e, de ser o caso, co uso de recursos informáticos e audiovisuais.	1-5	3	3	2-3	1-3			3-4

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Análise do estado actual da Terra.	A través de cuestionarios, presentacións de diapositivas e videos (creados algúns deles no contexto do proxecto Upcycling Lives) presentarase o tema. Os cuestionarios permitirán ver canto coñecen os alumnos sobre o estado actual do noso planeta e os seus hábitos con respecto o coidado deste. A través das presentacións de diapositivas e os videos seleccionados, motivarémolos para aumentar o seu interese por este tema cando vexan que todo o que se produce ten un custo elevado para o entorno natural.	15	7	X		
2	O noso entorno cercano	Tras analizar o dano continuo o que está sometido o planeta, investigarase o noso entorno cercano incluíndo algunha saída para observar o grao de deterioro en zonas cercanas o noso centro educativo. Os alumnos terán que marcar unha serie de items que permitirán a análise de resultados e permitirán que nos fagamos unha idea clara acerca do estado do noso entorno cercano. Farase unha profunda refelexión e traballarase en propostas que permitan diminuír o dano ao medioambiente a distintos niveis: familiar, escolar, no vecindario e se é posible tamén a nivel rexional.	5	2	X		
3	Propostas encamiñadas ó coidado do medioambiente	Nesta unidade, que será basicamente práctica, analizaremos distintas posibilidades de contribución ao coidado do noso entorno. Os alumnos e alumnas en pequenos grupos elaborarán un ou varios escritos dirixidos a empresas cercanas a	10	3	X		

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
3	Propostas encamiñadas ó coidado do medioambiente	nos con propostas acerca do coidado do noso planeta. Os escritos poderán ser enviados a ditas empresas para intentar obter unha resposta positiva neste aspecto e intentar que se comprometan a facer algúns cambios nas súas políticas. Por outra banda, os alumnos/-as, que xa coñecerán o concepto de upcycling, empezarán a traballar na elección dun obxecto que será feito utilizando materiais que xa non valen para o uso que tiñan previamente. Decidirase tamén qué materiais se van utilizar para a creación dos obxectos e acordarase quen vai estar encargado/-a de cada unha das partes do proxecto dentro de cada grupo. Se recollerán materiais na escola e se procederá ó seu almacenaxe para a súa posterior utilización.	10	3	X		
4	Talleres de upcycling	Unha vez organizados os materiais para traballar na creación dos obxectos de upcycling e asignado o traballo a cada alumno/-a, comezaremos a creación dos obxectos de upcycling. Se poideramos contar con alguén adicado a estas tarefas para profundizar un pouco máis nelas estaría ben.	35	11		X	
5	Amosemos o noso traballo	Análise de distintos tipos de presentación do traballo feito: e-book, diapositivas, videos, etc. Presentación de aplicacións variadas que poden servir para este fin, o traballo coa imaxe e a voz, edición de fotografías e videos, deseño de presentacións atractivas.	5	4			X
6	O meu obxecto de upcycling	Traballarase a expresión oral dos alumnos e alumnas de cara a que poidan facer boas presentacións dos obxectos creados. Adicaránse varias sesións á creación das presentacións dos obxectos de upcycling, que serán incorporadas ao blog do proxecto.	30	8			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Análise do estado actual da Terra.	7

Cráterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer a importancia da temática do proxecto que se pretende abordar.	Recoñecer o mal estado no que se atopa actualmente o planeta Terra.	PE	40
CA1.3 - Identificar, seleccionar e analizar a información que se precisa.	Identificar, seleccionar e analizar a información que se precisa para ser quen de amosar que se comprende a problemática actual da Terra con respecto á produción de obxectos e a súa posterior reciclaxe.		
CA2.1 - Executar as actuacións asociadas coa secuencia e a temporalización prevista.	Executar as actuacións asociadas coa secuencia e temporalización previstas.	TI	60
CA3.1 - Presentar o proxecto realizado e, de ser o caso, os produtos finais obtidos.	Explicar ante o resto da clase ou nun video o proceso seguido para a elaboración do proxecto e o, se é o caso, o produto final obtido. Todo elo con claridade e precisión.		
CA3.4 - Potenciar as emocións positivas na exposición e controlar, de ser o caso, a conduta asociada ás emocións negativas.	Asumir o erros como parte do proceso de aprendizaxe e aprender deles. Ser quen de facer unha exposición clara intentando superar os medos.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Procura e selección de información relacionada cos proxectos. - Execución de proxectos: dinámicas e roles. - Presentación de proxectos: a expresión verbal e corporal; control das emocións e da conduta.

UD	Título da UD	Duración
2	O noso entorno cercano	2

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer a importancia da temática do proxecto que se pretende abordar.	Recoñecer que hábitos da nosa vida cotiá son perxudiciais para o noso entorno cercano e polo tanto tamén para o medioambiente.	PE	40
CA1.3 - Identificar, seleccionar e analizar a información que se precisa.	Identificar, seleccionar e analizar a información que se precisa para amosar que se entende ben a temática.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Executar as actuacións asociadas coa secuencia e a temporalización prevista.	Executar as actuacións asociadas coa secuencia e a temporalización prevista na unidade.	TI	60
CA3.1 - Presentar o proxecto realizado e, de ser o caso, os produtos finais obtidos.	Explicar ante o resto da clase ou nun vídeo o proceso seguido para a elaboración do proxecto e o, se é o caso, o produto final obtido. Todo elo con claridade e precisión.		
CA3.4 - Potenciar as emocións positivas na exposición e controlar, de ser o caso, a conduta asociada ás emocións negativas.	Asumir o erros como parte do proceso de aprendizaxe e aprender deles. Ser quen de facer unha exposición clara intentando superar os medos.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Procura e selección de información relacionada cos proxectos. - Execución de proxectos: dinámicas e roles. - Presentación de proxectos: a expresión verbal e corporal; control das emocións e da conduta.

UD	Título da UD	Duración
3	Propostas encamiñadas ó coidado do medioambiente	3

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer a importancia da temática do proxecto que se pretende abordar.	Recoñecer a importancia de facer boas propostas que poidan axudar a coidar e mellorar o medioambiente.	PE	20
CA1.2 - Identificar e determinar os recursos e materiais necesarios para a realización do proxecto.	Identificar e determinar os recursos e materiais necesarios para a realización do proxecto.		
CA1.3 - Identificar, seleccionar e analizar a información que se precisa.	Identificar, seleccionar e analizar a información que se precisa.	TI	80
CA1.4 - Realizar a secuencia e a temporalización das actuacións necesarias para a execución do proxecto.	Realizar a secuencia e a temporalización das actuacións necesarias para a execución do proxecto.		
CA1.5 - Prever as incidencias que se poidan producir no desenvolvemento das actuacións do proxecto e propoñer posibles solucións a estas.	Prever as incidencias que se poidan producir no desenvolvemento das actuacións do proxecto e propoñer posibles solucións a estas.		
CA2.1 - Executar as actuacións asociadas coa secuencia e a temporalización prevista.	Executar as actuacións asociadas coa secuencia e a temporalización prevista.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.2 - Aplicar os coñecementos axeitados e mobilizar as competencias cos niveis de calidade requiridos.	Aplicar os coñecementos axeitados e mobilizar as competencias cos niveis de calidade requiridos.		
CA2.3 - Empregar, de ser o caso, os recursos e materiais previstos para a execución das actuacións.	Empregar, de ser o caso, os recursos e materiais previstos para a execución das actuacións.		
CA2.4 - Resolver, dentro do seu nivel de autonomía, ou comunicar as incidencias xurdidas durante a execución das actuacións.	Resolver, dentro do seu nivel de autonomía, ou comunicar as incidencias xurdidas durante a execución das actuacións.		
CA3.1 - Presentar o proxecto realizado e, de ser o caso, os produtos finais obtidos.	Explicar ante o resto da clase ou nun video o proceso seguido para a elaboración do proxecto e o, se é o caso, o produto final obtido. Todo elo con claridade e precisión.		
CA3.4 - Potenciar as emocións positivas na exposición e controlar, de ser o caso, a conduta asociada ás emocións negativas.	Asumir o erros como parte do proceso de aprendizaxe e aprender deles. Ser quen de facer unha exposición clara intentando superar os medos.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Planificación: secuenciación e temporalización. - Execución de proxectos: dinámicas e roles. - Presentación de proxectos: a expresión verbal e corporal; control das emocións e da conduta. - Uso de recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos de apoio á comunicación para a presentación do proxecto.

UD	Título da UD	Duración
4	Talleres de upcycling	11

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer a importancia da temática do proxecto que se pretende abordar.	Recoñecer a importancia de emprender accións concretas para contribuir o coidado do mediambiente.	TI	100
CA1.2 - Identificar e determinar os recursos e materiais necesarios para a realización do proxecto.	Identificar e determinar os recursos e materiais necesarios para crear os obxectos de upcycling que se decida crear.		
CA2.1 - Executar as actuacións asociadas coa secuencia e a temporalización prevista.	Executar as actuacións asociadas á secuenciación e temporalización do traballo previsto con calidade e adaptándose ó tempo acordado para a realización das tarefas.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.2 - Aplicar os coñecementos axeitados e mobilizar as competencias cos niveis de calidade requiridos.	Aplicar os coñecementos axeitados para a creación de obxectos de upcycling e mobilizar as competencias necesarias para crear obxectos de calidade.		
CA2.3 - Empregar, de ser o caso, os recursos e materiais previstos para a execución das actuacións.	Aplicar os coñecementos axeitados para a creación de obxectos de upcycling e mobilizar as competencias necesarias para crear obxectos de calidade.		
CA2.4 - Resolver, dentro do seu nivel de autonomía, ou comunicar as incidencias xurdidas durante a execución das actuacións.	Resolver cunha certa autonomía os problemas que poidan xurdir á hora de elaborar os obxectos ou comunicalos.		
CA3.1 - Presentar o proxecto realizado e, de ser o caso, os produtos finais obtidos.	Explicar ante o resto da clase ou nun video o proceso seguido para a elaboración do proxecto e o, se é o caso, o produto final obtido. Todo elo con claridade e precisión.		
CA3.2 - Empregar unha linguaxe verbal con corrección e claridade, para enxalzar a expresividade e eficacia do discurso.	A claridade coa que se expresa o alumno ou alumna e suficiente para que os compañeiros/-as e o profesor entendan todos os pasos seguidos na elaboración do traballo.		
CA3.3 - Empregar unha linguaxe corporal e a presenza escénica como códigos comunicativos para enxalzar a expresividade e eficacia do discurso.	A linguaxe corporal coa que se expresa o alumno ou alumna contribúen dun xeito significativo a apoiar as súas explicacións orais.		
CA3.4 - Potenciar as emocións positivas na exposición e controlar, de ser o caso, a conduta asociada ás emocións negativas.	Asumir o erros como parte do proceso de aprendizaxe e aprender deles. Ser quen de facer unha exposición clara intentando superar os medos.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Procura e selección de información relacionada cos proxectos. - Execución de proxectos: dinámicas e roles. - Presentación de proxectos: a expresión verbal e corporal; control das emocións e da conduta. - Uso de recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos de apoio á comunicación para a presentación do proxecto.

UD	Título da UD	Duración
5	Amosemos o noso traballo	4

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
--------------------------------	-------------------------------	-----------	----------

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Identificar, seleccionar e analizar a información que se precisa.	Identificar, seleccionar e analizar a información que se precisa.	PE	10
CA1.4 - Realizar a secuencia e a temporalización das actuacións necesarias para a execución do proxecto.	Realizar a secuencia e a temporalización das actuacións necesarias con lóxica para a execución do proxecto.		
CA1.5 - Prever as incidencias que se poidan producir no desenvolvemento das actuacións do proxecto e propoñer posibles solucións a estas.	Prever as incidencias que se poidan producir no desenvolvemento das actuacións do proxecto e propoñer posibles solucións a estas.	TI	90
CA2.1 - Executar as actuacións asociadas coa secuencia e a temporalización prevista.	Executar as actuacións asociadas á secuenciación e temporalización do traballo previsto con calidade e adaptándose ó tempo acordado para a realización das tarefas.		
CA2.2 - Aplicar os coñecementos axeitados e mobilizar as competencias cos niveis de calidade requiridos.	Aplicar os coñecementos axeitados para a creación de obxectos de upcycling e mobilizar as competencias necesarias para crear obxectos de calidade.		
CA2.3 - Empregar, de ser o caso, os recursos e materiais previstos para a execución das actuacións.	Empregar os recursos e materiais previstos de antemán para a creación dos obxectos de upcycling.		
CA2.4 - Resolver, dentro do seu nivel de autonomía, ou comunicar as incidencias xurdidas durante a execución das actuacións.	Resolver cunha certa autonomía os problemas que poidan xurdir á hora de elaborar os obxectos ou comunicalos.		
CA2.5 - Valorar os resultados logrados ao termo da execución do proxecto.	O alumno/-a é quen de aprezar as diferenzas na calidade dos traballos finalizados e de valorar o seu dun xeito obxectivo.		
CA3.1 - Presentar o proxecto realizado e, de ser o caso, os produtos finais obtidos.	Explicar ante o resto da clase ou nun video o proceso seguido para a elaboración do proxecto e o, se é o caso, o produto final obtido. Todo elo con claridade e precisión.		
CA3.2 - Empregar unha linguaxe verbal con corrección e claridade, para enxalzar a expresividade e eficacia do discurso.	A claridade coa que se expresa o alumno ou alumna é suficiente para que os compañeiros/-as e o profesor entendan todos os pasos seguidos na elaboración do traballo.		
CA3.3 - Empregar unha linguaxe corporal e a presenza escénica como códigos comunicativos para enxalzar a expresividade e eficacia do discurso.	A linguaxe corporal coa que se expresa o alumno ou alumna contribúe dun xeito significativo a apoiar as súas explicacións orais.		
CA3.4 - Potenciar as emocións positivas na exposición e controlar, de ser o caso, a conduta asociada ás emocións negativas.	Asumir o erros como parte do proceso de aprendizaxe e aprender deles. Ser quen de facer unha exposición clara intentando superar os medos.		
CA3.5 - Empregar recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos como apoio na presentación do proxecto.	O alumnos/-a é quen de facer unha presentación do seu propio traballo utilizando medios dixitais dun xeito básico pero correcto e atractivo.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

- Procura e selección de información relacionada cos proxectos.
- Planificación: secuenciación e temporalización.
- Execución de proxectos: dinámicas e roles.
- Presentación de proxectos: a expresión verbal e corporal; control das emocións e da conduta.
- Uso de recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos de apoio á comunicación para a presentación do proxecto.

UD	Título da UD	Duración
6	O meu obxecto de upcycling	8

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer a importancia da temática do proxecto que se pretende abordar.	Recoñecer a importancia de emprender accións concretas para contribuir o coidado do mediambiente.	PE	15
CA1.2 - Identificar e determinar os recursos e materiais necesarios para a realización do proxecto.	Identificar e determinar os recursos e materiais necesarios para crear os obxectos de upcycling que se decida crear.		
CA2.1 - Executar as actuacións asociadas coa secuencia e a temporalización prevista.	Executar as actuacións asociadas á secuenciación e temporalización do traballo previsto con calidade e adaptándose ó tempo acordado para a realización das tarefas.	TI	85
CA2.2 - Aplicar os coñecementos axeitados e mobilizar as competencias cos niveis de calidade requiridos.	Aplicar os coñecementos axeitados para a creación de obxectos de upcycling e mobilizar as competencias necesarias para crear obxectos de calidade.		
CA2.3 - Empregar, de ser o caso, os recursos e materiais previstos para a execución das actuacións.	Aplicar os coñecementos axeitados para a creación de obxectos de upcycling e mobilizar as competencias necesarias para crear obxectos de calidade.		
CA2.4 - Resolver, dentro do seu nivel de autonomía, ou comunicar as incidencias xurdidas durante a execución das actuacións.	Resolver cunha certa autonomía os problemas que poidan xurdir á hora de elaborar os obxectos ou comunicalos.		
CA2.5 - Valorar os resultados logrados ao termo da execución do proxecto.	O alumno/-a é quen de aprezoar as diferenzas na calidade dos traballos finalizados e de valorar o seu dun xeito obxectivo.		
CA3.1 - Presentar o proxecto realizado e, de ser o caso, os produtos finais obtidos.	Explicar ante o resto da clase ou nun vídeo o proceso seguido para a elaboración do proxecto e o, se é o caso, o produto final obtido. Todo elo con claridade e precisión.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.2 - Empregar unha linguaxe verbal con corrección e claridade, para enxalzar a expresividade e eficacia do discurso.	A claridade coa que se expresa o alumno ou alumna e suficiente para que os compañeiros/-as e o profesor entendan todos os pasos seguidos na elaboración do traballo.		
CA3.3 - Empregar unha linguaxe corporal e a presenza escénica como códigos comunicativos para enxalzar a expresividade e eficacia do discurso.	A linguaxe corporal coa que se expresa o alumno ou alumna contribúen dun xeito significativo a apoiar as súas explicacións orais.		
CA3.4 - Potenciar as emocións positivas na exposición e controlar, de ser o caso, a conduta asociada ás emocións negativas.	Asumir o erros como parte do proceso de aprendizaxe e aprender deles. Ser quen de facer unha exposición clara intentando superar os medos.		
CA3.5 - Empregar recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos como apoio na presentación do proxecto.	O alumnos/-a é quen de facer unha presentación do seu propio traballo utilizando medios dixitais dun xeito básico pero correcto e atractivo.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Procura e selección de información relacionada cos proxectos. - Execución de proxectos: dinámicas e roles. - Presentación de proxectos: a expresión verbal e corporal; control das emocións e da conduta. - Uso de recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos de apoio á comunicación para a presentación do proxecto.

4.1. Concrecións metodolóxicas

A nosa metodoloxía será activa, participativa, progresiva e continuada; a isto responde a total transversalidade dos bloques da nosa materia, pois todos están incorporados en todas as unidades de maneira integrada.

O noso labor docente terá un enfoque orientado á acción a través de deseños fundamentados na análise de necesidades e construídos arredor de tarefas da vida real. A este respecto, a materia do proxecto competencial debe ter unha presenza activa non só dentro da aula senón tamén no centro educativo en xeral; o profesorado debe fomentar que as situacións cotiás promovan hábitos de vida baseados no coidado do medio ambiente e a reutilización dos obxectos, a súa transformación e a súa reciclaxe, que é o tema que decidimos escoller para desenvolver os contidos da materia e dos proxectos durante o presente curso académico.

Dentro das aulas, o traballo colaborativo en grupos reducidos e heteroxéneos, a titoría entre iguais, a aprendizaxe por proxectos e outras dinámicas de ensino cooperativo que promoven a inclusión do alumnado de diferentes niveis favorecerán a integración e a socialización, a función comunicativa e a adquisición das competencias clave e fomentarán o espírito científico e crítico e o emprendemento, conforme se nos solicita na ORDE do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011 do 7 de decembro e que regula a atención á diversidade no seu Artigo 45.

Prestarase, asemade, especial atención ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo (NEAE) proporcionándolles materiais de reforzo e DUA.

Finalmente o uso das tecnoloxías como recurso motivador e favorecedor de espazos comunicativos tales como programas internacionais e/ou plataformas de intercambio e cooperación; o fomento da comprensión oral mediante a

utilización de recursos audiovisuais variados, adecuados, motivadores e, na medida do posible, auténticos, fornecerán a autoconfianza no alumnado e o avance no coñecemento dos contidos desenvoltos na materia.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Unidades didácticas vidro, plástico, metal...
Recursos audiovisuais auténticos: videos relacionados cos contidos traballados na materia.
Equipos informáticos: Utilizaranse esporádicamente por non contar co número suficiente.

Materiais de consulta de elaboración propia: Unidades didácticas creadas no contexto do proxecto Erasmus+ KA 229 "Upcycling: A Project from Bottom to Top" sobre diversos materias e o seu impacto no medio ambiente.

Traballarase tanto con vídeos procedentes de internet para obter información nalgúns casos e inspiración para crear obxectos noutros.

O uso das novas tecnoloxías será necesario pero dado o escaso número de equipos disponibles no centro, teremos que recurrir á utilización de teléfonos móbiles e posterior procesamiento dos materiais obtidos na casa. No instituto utilizaráanse esporádicamente.

Os materiais e recursos utilizados serán variados, en formato analóxico e dixital. O seu deseño será inclusivo para adaptarse á diversidade do alumnado, respectando os principios DUA e terán un enfoque comunicativo e comprensivo. Poderán ser de creación propia, elaborados a través de ferramentas dixitais como as dispoñibles nas plataformas virtuais de apredizaxe corporativas ou de outras ferramentas. Asemade, poderán obterse en webs especializadas no ensino, sempre que sexan de dominio público ou teñan licenza creative commons.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A avaliación inicial desenvolverase a través dalgún dos seguintes procedementos:

1. Dinámicas de cohesión de grupo: tormenta de ideas acerca de términos relacionados con el mediambiente, su deterioro y su conservación, juegos del estilo dos verdades y una mentira, etc.
2. Cuestionario de coñecemento do mediambiente e o seu coidado e máis outros relacionados cos hábitos de consumo responsabe través de Google Classroom.
3. Xogo que desenvolva a destreza lingüística oral e/ou (por exemplo, Atopa a alguén que..., Ruleta aleatoria de temas).

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	15	5	10	35	5	30	100
Proba escrita	40	40	20	0	10	15	15

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	15	5	10	35	5	30	100
Táboa de indicadores	60	60	80	100	90	85	85

Cráterios de cualificación:

A avaliación nesta materia é continuada e progresiva.

O primeiro trimestre terá un peso do 20% da cualificación final.

O segundo trimestre terá un peso do 30% da cualificación final.

O terceiro trimestre terá un peso do 50% da cualificación final.

A cualificación trimestral conformarase coa seguinte ponderación:

1. **COMPRESIÓN ORAL E ESCRITA (CA1.1 + CA 1.2 + CA 1.3): 20%**

Instrumentos de avaliación: Cuestionarios de opción múltiple, preguntas de verdadeiro/falso, preguntas de completar, preguntas de relacionar e preguntas de resposta curta.

2. **PRODUCCIÓN ORAL (CA1.4): 25%**

Instrumentos de avaliación: Rúbricas/guía de corrección.

3. **PRODUCCIÓN DE OBXECTOS DE RECICLAXE (CA1.5 + CA1.6): 25%**

Instrumentos de avaliación: Rúbricas/guía de corrección.

4. **INTERACCIÓN (CA1.7 + CA1.8): 10%**

Instrumentos de avaliación: Rúbricas/guía de corrección.

5. **MEDIACIÓN (CA1.9 + CA1.10): 10%**

Instrumentos de avaliación: Rúbricas/guía de corrección.

6. **REFLEXIÓN SOBRE A APRENDIZAXE (CA2.1 + CA2.2 + CA2.3): 5%**

Instrumentos de avaliación: Rúbricas/guía de corrección.

7 **INTERCULTURALIDADE E TRANSVERSALIDADE (CA3.1 + CA3.2 + CA3.3): 5%**

Instrumentos de avaliación: Rúbricas/guía de corrección.

A cualificación final obterase calculando a media ponderada dos tres trimestres. A avaliación será positiva cunha cualificación igual ou superior a 5.

Todas as cualificacións redondearanse a partires de 0,75.

Dado o carácter continuado e progresivo da materia, unha cualificación negativa no primeiro trimestre poderá ser recuperada cunha nota igual ou superior a 5 nos seguintes trimestres, sen necesidade de repetir probas.

Cráterios de recuperación:

Dado o carácter continuado e progresivo da materia, unha cualificación negativa no primeiro trimestre poderá ser recuperada cunha nota igual ou superior a 5 nos seguintes trimestres, sen necesidade de repetir probas.

Logo das tres avaliacións trimestrais, o alumnado que non obteña unha cualificación positiva terá a oportunidade de recuperar a materia realizando unha proba final de comprensión oral e escrita sobre os contidos traballados e terá que elaborar un obxecto de upcycling seguindo as pautas establecidas e realizando a presentación de dito obxecto, tendo sempre en conta a diversidade do alumnado.

COMPRESIÓN ORAL E ESCRITA (CA1.1 + CA 1.2 + CA 1.3): 50%

Instrumentos de avaliación: Cuestionarios de opción múltiple, preguntas de verdadeiro/falso, preguntas de completar, preguntas de relacionar de resposta curta.

PRODUCCIÓN E PRESENTACIÓN DUN OBXECTO DE UPCYCLING (CA1.5 + CA1.6): 50%

Instrumentos de avaliación: Rúbricas/guía de corrección.

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

Non aplica neste caso.

6. Medidas de atención á diversidade

As medidas ordinarias de atención á diversidade responden ás instrucións da orde do 8 de setembro de 2021 que regula a atención á diversidade do alumnado.

En coordinación co profesorado titor e o departamento de Orientación, deseñárase unha avaliación inicial que facilite a detección das necesidades do alumnado. As medidas de atención á diversidade serán as seguintes:

1. Adaptación dos graos de consecución dos criterios de avaliación.
2. Gradación da dificultade das actividades de aprendizaxe.
3. Actividades diversas e variadas adaptadas aos distintos ritmos de aprendizaxe.
4. Materiais e recursos diversificados e inclusivos (DUA) que se adapten ás necesidades individualizadas do alumnado.
5. Actividades de reforzo e consolidación.
6. Aprendizaxe por Proxectos.
7. Traballo colaborativo.
8. Procedementos e Instrumentos de avaliación variados e individualizados.
9. Flexibilidade nos tempos de realización de tarefas e probas.
10. Retroalimentación ao alumnado sobre o seu proceso de aprendizaxe.

PROTOCOLO DE SEGUIMENTO DO ALUMNADO QUE PERMANECE UN ANO MÁIS NO MESMO CURSO:

Plan específico personalizado para o alumnado de educación secundaria obrigatoria que permaneza un ano máis no mesmo curso

En cumprimento do artigo 52 da Orde do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado, o equipo docente coordinado polo profesorado titor elaborará un plan específico personalizado que ten como finalidade adaptar as condicións curriculares ás necesidades da alumna ou do alumno, para tratar de superar as dificultades detectadas.

O plan específico personalizado debe incluír, cando menos:

- a) Identificación da alumna ou do alumno.
- b) Relación das necesidades educativas que motivaron a repetición do curso.
- c) Medidas ordinarias aplicadas no curso anterior.
- d) Estratexias metodolóxicas que se utilizarán no seu desenvolvemento.
- e) Recursos necesarios para o desenvolvemento do plan.
- f) De ser o caso, oferta de medidas extraordinarias.

g) Acreditación da información á familia.

En cada sesión de avaliación farase o seguimento do plan específico personalizado e, de ser necesario, realizaránselle os axustes que procedan. Ao final do curso, na mesma sesión de avaliación, informarase sobre o seu desenvolvemento e o seu aproveitamento.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6
ET.1 - Comprensión de lectura	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Comprensión oral	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Exppresión oral e escrita			X	X	X	X
ET.4 - Comunicación audiovisual			X	X	X	X
ET.5 - Competencia dixital			X	X	X	X
ET.6 - Educación emocional	X	X	X	X	X	X
ET.7 - Igualdade de xénero	X	X	X	X	X	X
ET.8 - Creatividade			X	X	X	X
ET.9 - Desenvolvemento sostenible e medio ambiente	X	X	X	X	X	X
ET.10 - Respeto mutuo e cooperación entre iguais	X	X	X	X	X	X
ET.11 - Educación para a sustentabilidade e o consumo responsable.	X	X	X	X	X	X
ET.12 - Fomento do espírito crítico e científico	X	X	X	X	X	X

Observacións:

As unidades de aprendizaxe caracterízanse por desenvolver proxectos contextualizados na vida real, polo que se tratan todos os elementos transversais recollidos no currículo ao longo de todo o curso.

A comprensión de lectura e de escoita, a expresión oral e escrita, a competencia dixital e o respecto mutuo e a cooperación entre iguais son elementos transversais presentes en todas as nosas unidades, pois as dúas primeiras son aspectos necesarios para poder entender a idea principal que se desenvolverá na nosa materia, e as dúas últimas son inherentes ao traballo colaborativo para crear un produto que precisa do concurso das TIC.

A educación emocional e en valores, a igualdade de xénero, a creatividade, a educación para a sustentabilidade e o consumo responsable, o emprendemento social e empresarial e o fomento do espírito crítico e científico son elementos tratados en practicamente todas as unidades do curso.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
2º ou 3º trimestre	Charla mediante video conferencia ou similar cun creador ou creadora de obxectos de upcycling.		X	X
3º trimestre	Organización dunha exposición cos obxectos creados			X
3º trimestre	O alumnado terá a ocasión de participar nun intercambio lingüístico con alumnado doutros países que nos visitará no mes de maio no marco dos proxectos Erasmus+.			X

Observacións:

O departamento organizará un coloquio ou charla cun creador ou creadora de obxectos de upcycling para fomentar a interculturalidade e o intercambio de información e boas prácticas que manteñan alta a motivación e o interese do alumnado con respecto ao tema tratado.

O Día da Terra, organizaremos unha exposición que mostrará os obxectos creados ata o momento e que permitirá a outros alumnos e alumnas interesarse polo tema.

No mes de maio e no marco do proxecto Erasmus+ que estamos a implementar no instituto, visitaránnos centros de 5 países europeos cos que os alumnos/-as terán a oportunidade de intercambiar información sobre o upcycling.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Metodoloxía empregada
Presento actividades para detectar os coñecementos previos de cada unidade.
Reviso e corrixo de forma habitual as actividades propostas na aula e fóra dela.
Proporciono información aos alumnos/as sobre o seu desempeño nas actividades e proxectos propostos, ofrecéndolle pautas para mellorar.
Presento actividades individuais e grupais encamiñadas á adquisición dos obxectivos.
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Emprego dispositivos audiovisuais, dixitais ou de outro tipo que poidan axudar ao desenvolvemento das explicacións e actividades propostas.
Fomento a animación á búsqueda de información en internet
Incorporo as TIC ao proceso de ensino-aprendizaxe.

Medidas de atención á diversidade
Emprego actividades atendendo á diversidade e ás distintas necesidades detectadas.
Propoño actividades de reforzo e ampliación para os alumnos/as que o necesiten.
Emprego distintas estratexias metodolóxicas para responder aos distintos ritmos de aprendizaxe.
Emprego distintos procedementos e instrumentos de avaliación en función das características dos grupos e dos alumnos/as.
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Informe ao alumnado e ás familias dos progresos e dificultades.

Descrición:

Profesorado e alumnado, ao termo de cada trimestre, responderán a un cuestionario con estes indicadores coa fin de avaliar a práctica docente do proceso de aprendizaxe.

O grao de consecución será:

Sempre
 Ás veces
 Nunca

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

A avaliación da programación é necesaria para a mellora do proceso de ensino-aprendizaxe. Esta avaliación debe ser continua e levarase a cabo ao longo de todo o curso nas reunións entre o profesorado que imparte a materia, o que permitirá facer os axustes necesarios para conseguir a mellora dos resultados obtidos.

Nas reunións semanais analizarase e valorarase o proceso de ensino-aprendizaxe: o ritmo ao que se desenvolve a programación, as posibles causas que dificultan o seu normal desenvolvemento, a consecución ou non dos obxectivos marcados, etc. Ademais, trimestralmente, antes e despois das sesións de avaliación, nas reunións farase un seguimento detallado da marcha do curso que incluírá todos os aspectos, dende o seguimento da programación e a consecución dos seus obxectivos, ata a disciplina do alumnado, a adecuación dos items programados, a adecuada secuenciación dos contidos e os obxectos de aprendizaxe, etc.; é dicir, todos aqueles factores que axuden a que a avaliación da programación sexa satisfactoria. Na reunión posterior ás sesións de avaliacións analizaranse os resultados obtidos polo alumnado, indagando nas causas que puideron existir cando estes resultados non sexan satisfactorios e reflexionando sobre como melloralos.

O seguimento da programación farase a través da aplicación PROENS, referenciando cada elemento relevante nas mesmas (temporalización, secuenciación, grao de cumprimento e propostas de mellora).

Nas reunións de final de curso previas á memoria final do departamento analizarase a idoneidade ou non da metodoloxía utilizada, da secuenciación prevista, dos materiais didácticos utilizados, da adecuación dos criterios de avaliación, da contribución á adquisición das competencias clave, etc.

9. Outros apartados